



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO "ELABORACIÓN DE INVENTARIO DE CAMIÑOS E VÍAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE TUI", APERTURA SOBRE Nº 2. PROPOSICIÓN ECONÓMICA/CRITERIOS VALORABLES MEDIANTE APLICACIÓN DUNHA FÓRMULA.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Tui, ás dez horas e quince minutos do día 16 de agosto de 2017, constituíuse a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Enrique Cabaleiro González, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do concello.

Fabián Barreiro González, enxeñeiro técnico municipal.

Yolanda Rodríguez Rodríguez, concelleira delegada de Facenda e Urbanismo.

Secretario:

José Ángel Fernández Rodríguez, funcionario do concello.

1.- Comeza este acto, de carácter público, dando lectura ao anuncio da convocatoria desta Mesa de apertura do sobre 2 "*Proposición económica/ criterios valorables mediante aplicación dunha fórmula*", procedéndose seguidamente ao reconto das proposicións presentadas comprobando que os sobres que conteñen as ofertas se encontran na mesa en idénticas condicións en que foron entregados.

Por parte da presidencia recórdase o resultado da cualificación da documentación administrativa, expresando as empresas admitidas e indicando as proposicións excluídas da licitación, tal e como consta na acta de cualificación documental de data 6 de xuño de 2017.

2.- A continuación se procede pola Mesa de Contratación á apertura do sobre nº 2- Criterios Cuantificables de Forma Automática–Proposición Económica/Criterios valorables mediante a aplicación dunha fórmula.", indicándose os aspectos relativos a dita fase do procedemento en cuanto a orzamento de licitación e criterios de puntuación:

A presente licitación ten un orzamento estimado de:

Orzamento base: 29.800,00€

IVE : 6.258,00€

Orzamento total: 36.058,00€

Os criterios de adxudicación establecidos na licitación para o sobre nº 2 son:

- .- Oferta económica: baixa no prezo do contrato: Máximo de 30 puntos.
- .- Período de asistencia técnica/ Mantemento do inventario: Máximo de 20 puntos.
- .- Redución do prazo de execución do contrato: Máximo de 10 puntos.

Unha vez indicado o anterior, a Mesa de Contratación procede á apertura do sobre nº 2 dos seguintes licitadores, que ofrecen:

Empresa	Total Oferta Económica (IVE incluído)	Período asistencia técnica	Redución prazo exec.
Innovalía Asesores, SL	22.429,00€	4 anos	5 semanas.
Laya Gestión y Servicios, S.L.	32.452,20€	4 anos	4 semanas.
Estudio Técnico Gallego, SA	29.009,75€	4 anos	4 semanas.
Innovación, Cooperación, Cartografía y Territorio, SL - (ICARTO)	30.577,18€	4 anos	4 semanas.

PROCAT Ingeniería y Medio Ambiente, S.L.	30.008,00€	4 anos	4 semanas.
--	------------	--------	------------

Visto o anterior, a Mesa de Contratación, por unanimidade, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á empresa INNOVALIA ASESORES, S.L., con enderezo en rúa Jaime I, 8 Entresuelo. Izquierda, 03510 Callosa de Ensarría (Alicante) e ao abeiro do que indica o art. 152.3 (Ofertas con valores anormais ou desproporcionados) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionais favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

Segundo.- Outorgar un prazo de audiencia de tres días hábiles al licitador (por tratarse dun procedemento urxente) , aos efectos de presentar a xustificación solicitada, que se presentará no Rexistro Xeral do Concello.

De seguido, ás once horas e corenta e seis minutos, remata este acto, do que eu, secretario, certifico.
Documento asinado dixitalmente ao marxe.